

tados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO

NRP: 973640246 A2067.

Apelidos e nome: Mourelo Estella, Jorge Enrique.
Grupo: A.

Corpo/escala: corpo facultativo superior da Xunta de Galicia-escala veterinarios.

Código do posto: AGC040000115770018.

Denominación: xefe do Servizo de Sanidade Animal.

Nivel: 28.

Dependencia: Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria (Sub. X. de Ganadería).

Localidade: Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 17 de outubro de 2006 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada por Orde do 17 de agosto de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 166, do 29 de agosto).

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Traballo, mediante Orde do 17 de agosto de 2006 (DOG nº 166, do 29 de agosto), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería,

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicar destino, no posto de traballo que se indica, á funcionaria que se expresa no anexo desta orde, seleccionado conforme o establecido nas bases da convocatoria, realizada por orde desta consellería do 17 de agosto de 2006.

Segundo.-O cesamento no actual destino da funcionaria que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data en que debe cesar no seu destino á funcionaria está disfrutando un período de licenza, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ao da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo dos tres días seguintes ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade en que actualmente presta os seus servizos a funcionaria,

ou no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-O xefe do centro en que cause baixa a funcionaria, así como o daquel en que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2006.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

ANEXO

DNI: 71855840-E.

Grupo: B.

Corpo/escala: xeral.

Apelidos e nome: Cancio Álvarez, M^a Carmen.

Código do posto: AS.C99.20.901.27500.001.

Denominación: director O.E. 1.

Nivel: 25.

Dependencia: Oficina de Emprego de Ribadeo.

Localidade: Ribadeo.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Anuncio polo que se procede a dar publicidade á Resolución do 26 de setembro de 2006, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se convoca unha oferta de selección temporal dun facultativo especialista en pneumoloxía, un facultativo especialista en oftalmoloxía, un facultativo especialista en pediatría e un facultativo especialista en endocrinoloxía.

A citada resolución estará exposta, na mesma data da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, nos da Dirección Provincial do Sergas de Pontevedra en Vigo e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

A solicitude poderá presentarse no prazo de 15 días naturais contados desde o seguinte ao desta publicación.

Vigo, 26 de setembro de 2006.

Manuel Sánchez Delgado

Xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Cédula do 6 de outubro de 2006 pola que se lles notifica ás persoas que se relacionan o inicio do procedemento de resolución do concurso para a provisión da praza número 4072/91, de profesor axudante de escola universitaria, área de coñecemento enfermaría.

De conformidade co que dispón o artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao seren devoltas polo servizo de correos as notificacións enviadas no seu día, notifícase a Carmen Búa Fernández, DNI: 76505730, Francisco J. Rodríguez Fariña, DNI: 32624252 e Celia Fernández García, DNI: 34950277, que como secretaria da comisión para xulgar a praza nº 4072/91, de axudante de escola universitaria, área de coñecemento de enfermaría, do Departamento de Ciencias da Saúde, comunícolle que se inicia o proceso para resolver o concurso de méritos para a provisión da devandita praza, e así dar cumprimento á sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza no recurso nº: 01/0000456/1993.

A acta de constitución da comisión, así como os criterios de valoración de méritos encóntranse expostos no taboleiro de anuncios da Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol, na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na Reitoría da Universidade da Coruña.

E para que así conste e sirva de notificación aos interesados, asino a presente cédula de notificación na Coruña o 6 de outubro de 2006.

M^a Josefa Pichel Guerrero
Secretaria da comisión

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DOUS DE PONTEVEDRA

Cédula de notificación de sentenza (1091/2005).

Nos autos de divorcio número 1091/2005 que se seguen neste Xulgado de Primeira Instancia número

dous de Pontevedra, ditouse a sentenza cuxo encabezamento e ditame din:

«Sentenza 00040/2006.

En Pontevedra o vinte e sete de febreiro de dous mil seis.

Vistos por Ignacio de Frías Conde, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia número dous de Pontevedra, os presentes autos de xuízo de divorcio nº 1091/2005 promovido por Khadija Mosmih, representada pola procuradora sra. Vidal Rodríguez e asistida pola letrada sra. Samblas Tilve, contra Alfonso Lorenzo Garrido, en situación de rebeldía procesual, con intervención do Ministerio Fiscal ao existir fillos menores.

Ditamino que estimando parcialmente a demanda interposta pola procuradora sra. Vidal Rodríguez, en nome e representación de Khadija Mosmih, contra Alfonso Lorenzo Garrido, debo decretar e decreto a disolución por divorcio do matrimonio formado polos referidos cónxuxes, con todos os efectos legais inherentes á dita declaración, acordando a disolución do réxime económico matrimonial e as seguintes medidas:

1. Atribúeselle a garda e custodia da filla menor Yasmina Lorenzo Mosmih a súa nai Khadija Mosmih, sendo a patria potestade compartida por ambos os proxenitores.

2. Fíxase para o pai, Alfonso Lorenzo Garrido, o réxime de visitas que se vai expresar a continuación:

Poderá Alfonso Lorenzo Garrido ter na súa compañía á súa filla menor Yasmina:

1º En fins de semana alternos desde as 20.00 horas do venres ata as 20.00 horas do domingo.

2º O 19 de marzo día do pai, en todo caso, fose ou non fose festivo. Se o fose desde as 20.00 horas do 18 ata as 20.00 horas do 19. Se non o fose, desde a saída do colexio ata as 20.30 horas.

3º O mes de xullo en verán, atribuíndoselle á esposa o mes de agosto, e iso todos os veráns.

4º A metade das vacacións de Nadal, de forma alterna, sendo os períodos desde as 20.00 horas do 23 de decembro ás 13.00 horas do 31 de decembro o primeiro, e desde esta data e hora ata as 13.00 horas do día 7 de xaneiro o segundo, elixindo os cónxuxes sucesivamente, a nai os anos pares e o pai os impares, debendo comunicar a elección antes do 15 de novembro ao outro proxenitor.

5º A metade das vacacións de Semana Santa de forma alterna, elixindo os cónxuxes sucesivamente, a nai os anos impares e o pai os pares, e así sucesivamente. Para o cómputo dos períodos de Semana Santa, teranse en conta os períodos escolares de vacacións, sendo as horas de recollida e entrega as sinaladas para o Nadal, debendo comunicar a elección polo menos cun mes de antelación ao domingo de Resurrección ao outro proxenitor.

Deberá recoller a menor do domicilio materno ao inicio de cada período, e reintegrala no mesmo lugar